

EXPERIENCIA DE EMPREGO DA AUTOINFORMACION PARA A PRACTICA DA ORIENTACION PROFESIONAL E ACADEMICA NA ESCOLA

José Ramón Fernández Vázquez.
Universidade de Santiago

I.- INTRODUCCION:

A complexidade do mundo actual, a pluralidade de funcións e a demanda diversificada de novos espazos de actuación fan necesaria a existencia dunha rede de información ben estruturada referida a fronteiras de cada ámbito e ás posibilidades de límites dos mesmos.

Un suxeto informado do que ocorre ó seu arredor, e do que o medio lle pode ofrecer conta con posibilidades de elixir máis e mellor (Lázaro e Asensi, 1987).

Un dos espazos onde máis relevante se fai esta necesidade de información é o do mundo académico-laboral, onde converxen diferentes alternativas excluíntes en determinados momentos e circunstancias do periplo vital.

O sistema educativo, e a escola máis en concreto, non poden ser alleos a esta demanda social, polo que a orientación referida a aspectos académicos e profesionais debe de se integrar nos currículos escolares. Neste senso a LOGSE recolle no seu artigo 60 a demanda de que a orientación forma parte da función docente e a existencia dunha información psicopedagóxica, académica e profesional referida a opcións educativas e á transición ó mundo laboral.

Na liña de todo o anterior é donde se instalan experiencias como a que a continuación se describe e analiza. Esta experiencia que, en rigor, constitúe unha innovación metodolóxica no desenrolo da orientación escolar referida a perspectivas académicas e profesionais, non é máis que un intento de mellora na realización dunhas tarefas, definidas en igoaldade de relevancia con tódalas que se realizan na escola. A experiencia leva implícita a posibilidade de translación a outros niveis educativos, e a outras modalidades de orientación que trascendan a mera información profesional ou académica.

II.- ANALISE CONTEXTUAL DA EXPERIENCIA:

A experiencia de autoinformación que se describirá a continuación desenrolouse no Colexio Público "Figueroa de Arriba", no concello de A Estrada durante o curso académico 1990-91.

A zona de A Estrada presenta unha alta caracterización rural, mesmo que alí se atopen certas industrias monomórficas concentradas e adicadas sobre todo ó sector do moble.

Estudios socio-económicos referidos a esta zona sinalan que presenta sinais de depresión económica, o que incide en que os propios indicadores sociais sexan tamén negativos en moitos casos: nivel de desemprego, índice de carencia de estudos, deficiencias en infraestruturas...

Xa no ámbito escolar, propiamente dito, o C.P. "Figuroa de Arriba" ten un claustro de profesores. Presentan algunhas deficiencias de coordinación interpersonal que afectan en medida ó funcionamento desexable. En boa parte estas deficiencias son debidas ás características intrínsecas do profesorado: idade elevada, carencias na formación permanexuicios...

Tradicionalmente un dos departamentos máis afectados por estas deficiencias de funcionamento foi o Departamento de Orientación, o que implicaba unhas grandes limitacións de hora de realizar calquer tipo de orientación escolar.

A taxa de fracaso escolar é moi elevada, o que conleva que moitos dos alumnos do centro vexan abocados ó ingreso no mundo laboral, coa conseguinte necesidade de información ó respecto.

Esta experiencia levouse a cabo con rapaces de 8º nivel da EXB, por ser este o momento no que os alumnos deben de escoller entre unha opción académica ou unha opción laboral, diversidade de posibilidades en cada unha delas.

III.- MOTIVACION E INNOVACION

A motivación que moveu ó inicio desta experiencia parteu, xunto con tódalas circunstancias que concorren neste centro escolar, do feito constatado de que o proceso de orientación na escola ten convertido nun xesto puramente burocrático, moitas veces nin siquera existente, a pesar de estar decretado na lexislación vixente ó respecto con anterioridade á LOGSE.

Ademais resulta evidente que o alumno percibe unha motivación moito maior cando mesmo o xestor dos logros informativos ó respecto de asuntos que o incumben directamente. Isto tampouco allea á motivación da experiencia a importancia que a LOGSE dá á orientación en calquera das súas vertentes. Deste xeito faise necesario canalizar na práctica estas aportacións da experiencia non é máis que unha modalidade de realización.

A innovación metodolóxica que supón esta experiencia ven dada polo feito de que inculca unha búsqueda, por parte do alumno, de tódala información a empregar no proceso de orientación, co que se acada unha visión moito máis ampla do eido profesional e académico. De igual xeito os rapaces adquiren o hábito de desenrolar traballos que requiren habilidades sociais, xa que son os mesmos os encargados de xestionar e levar a cabo tarefas de ampliación de información tales como debates, coloquios, entrevistas, visitas a centros de traballo ou ensino...

De tódolos xeitos a experiencia en sí mesma morreu, sin solución de continuidade, ó remate do curso 1990-91. As circunstancias que concurrían en boa parte do profesorado responsable da mesma (provisionalidade, mobilidade forzosa...) e a falla de interese por parte do claustro de profesores determinaron unha irrepetibilidade que houbera servido para realizar unha corrección de deficiencias e unha oportunidade axeitada para aprofundar nos procesos en base á experiencia conquistada e ó back do curso anterior. De calquer maneira elo non implica que os logros acadados non teñan continuidade nun futuro próximo, xa sexa neste centro escolar ou en outros diferentes.

IV.- DESCRIPCION DA EXPERIENCIA:

A posta en marcha do proceso comenzo durante o segundo trimestre escolar do curso 1990-91, deixando o primeiro trimestre para a "rodaxe" e estabilización de cada aula de alumnos.

Participan no proceso as dúas aulas de 8º nivel ("8º A" e "8º B"), cun total de 70 alumnos.

O fronte da experiencia está o Departamento de Orientación do colexio. Tamén se conta coa colaboración explícita do Departamento de Sociais e implicáronse, polo menos teóricamente, os dous titores de oitavo nivel.

A experiencia estrutúrase en dúas partes ben diferenciadas: unha primeira parte de búsqueda de información, exclusivamente realizada polos propios alumnos de oitavo, e unha segunda parte de entrevista final entre cada alumno e o seu titor, ou en algún caso con membros do Departamento de Orientación.

Habida conta da carencia de infraestructuras específicas no centro escolar fíxose necesario habilitar para este fin espacios adicados a outras funcións. Así destinouse parte do espacio da biblioteca escolar a arquivo de documentación conquerida polos alumnos; o salón de actos, anque con moitas carencias, foi destinado a centro de actividades tales como exposicións orais, coloquios e debates; na mesma sala se fixeron as proxeccións audiovisuais necesarias.

No que respecta a temporalidade, e dada a saturación que presenta o horario lectivo, así como as dificultades en acadar unha coordinación axeitada en horas de clase, optouse por realiza-la experiencia en horario extraescolar, contanto para elo coa colaboración do alumnado e a voluntariedade de algúns profesores, anque certamente isto constituíu un handicap ó longo de toda a experiencia.

Como xa quedou indicado con anterioridade a experiencia estivo estruturada en dúas partes. O longo da primeira, durante o segundo trimestre do curso, os alumnos buscaron, traballando en grupos de cinco ou seis componentes, información referida tanto ó ámbito laboral como ó ámbito da continuidade de estudos. A este efecto delimitáronse tres niveis de actuación: un nivel xeral (Espacio da Comunidade Galega ou do Estado Español), un nivel de bisbarra (Concello de A Estrada, Santiago e Pontevedra) e un terceiro nivel referido a intereses individuais de determinados alumnos non resoltos no marco da información xeral ou comarcal.

No nivel xeral os alumnos encargáronse de acadar información sobre os seguintes eidos: Bachelato, Formación Profesional, Ensinanzas alternativas (Conservatorio, Arte Dramático...), becas e axudas ó estudio, tipos e condicións de oposicións e, xa por último, condicións de acceso ó mercado de traballo (salarios orientativos, índice de peligrosidade, cualidades axeitadas en cada profesión, estatus de "aprendiz"...)

No nivel de bisbarra os grupos encargados da búsqueda de información centraron as súas pesquisas en aspectos tales como as características dos centros escolares de Ensino Medio da zona, as axudas municipais, a situación laboral da bisbarra e as saídas laborais máis demandadas na comarca.

Xa no nivel individual os interesados recabaron información sobre o eido que máis lles interesaba, profesional ou académicamente, sendo polo xeral esta búsqueda unha tarefa de profundización na información xa recabada nos outros dous niveis.

As tarefas de búsqueda informativa foron levadas a cabo polos alumnos valéndose de diferentes estratexias: cartas solicitando información a organismos oficiais, entrevistas determinadas persoas con responsabilidades educativas ou laborais, información telefónica, lil folletos, audio-visuais...

Cada grupo organizou o traballo á súa maneira: reparto de tarefas, búsqueda conxunta. Deste xeito a labor dos responsables desta experiencia foi de mera supervisión, asesoramento e ordenación de resultados obtidos.

O material obtido foise organizando no "centro de exposición" (neste caso a biblioteca) para a unha consulta libre do mesmo. Ademais, en diferentes sesións, cada grupo, de carácter expositivo, debía facer un balance-resume de toda a información obtida e dos procedementos de obtención da mesma, para achegala así ó resto dos compañeiros.

Para facilita-lo uso do material cada grupo debía facer unha monografía ou dossier con toda a información recollida e toda a documentación recabada. Na confección do mesmo marcouse unha directriz de sinxeleza nos apartados explicativos e incorporouse un resume de todo o dossier.

Dentro desta primeira parte da experiencia os alumnos eran, ademais, os encargados de realizar unha serie de actividades de carácter complementario. Eles encargábanse en exclusiva da preparación, xestión e celebración das mesmas. Entre estas actividades destacaron:

- Mesas redondas entre pais de alumnos de diferentes espazos profesionais.
- Elaboración de enquisas para ser respostadas polos pais e referidas ás súas creencias sobre o futuro profesional dos alumnos. As respostas foron analizadas e comentadas logo de os rapaces distribuídos en grupos de traballo.
- Charlas-coloquio con representantes de empresas da bisbarra.
- Coloquio con representantes de centros de Ensino Secundario e Formación Profesional da bisbarra.
- Coloquio con representantes do Concello de A Estrada, da Administración Educativa do INEM, da prensa escrita e do propio Departamento de Orientación do centro.
- Organización de visitas a centros fabriles e escolares da zona.

A segunda parte da experiencia ven dada pola celebración dunha entrevista, xa no mes de Maio, entre cada alumno e o seu titor, asesorado polo Departamento de Orientación. En cada entrevista o propio Departamento de Orientación realizou esta entrevista, de cara a individuais conclusións e a resolver problemas particulares. (as veces na entrevista tamén estiveron presentes os pais do alumno).

V.- AVALIACION DA EXPERIENCIA:

a) Indices positivos

O emprego da autoinformación aplicada á orientación escolar permitiu, en primeiro lugar, unha motivación fonda para que o alumno se involucrase no tema das diferentes posibilidades de elección que ha ter ó remate dos estudos básicos. O feito de ser el mesmo o artífice da información obtida conleva a priori a disposición a afondar na cuestión.

Este tipo de enfoques da actividade de orientación profesional leva implícito tamén un aporte nada desprezable á adquisición, por parte do rapaz, de habilidades sociais. Esta aportación dáda polo feito de que as actividades se realizan en grupos, en tódalas súas modalidades, co que

acadan destrezas tales como oralidade en público, capacidade sintética, respecto as opinións enfrentadas, mellora da autoestima...

Poderíamos falar tamén dunha maduración do alumno no que atinxe ó proceso de toma de decisións dado que os rapaces vense abocados a facer eleccións a moitos niveis (metodoloxía procesional, información válida ou non válida, fontes de información elexidas...). Todo elo conleva situacións nas que se construe a o sentido de responsabilidade dos alumnos.

Supuxo a experiencia unha mellora no que respecta á execución de prácticas coordinadas. Non é soio que o alumno traballe en grupos en tarefas que moitas veces implican unha distribución das mesmas, senón que os rapaces teñen en moitas ocasións que coordinar actuacións con elementos que non pertencen ó ámbito escolar (persoas relevantes de diversos campos, diferentes administracións etc...)

Ademáis, e esto é o obxectivo fundamental pretendido, acadouse unha visión enriquecida das posibilidades de cada alumno ó deixa-la escola. A información obtida, tanto cualitativa como cuantitativamente, foi moi superior á que implica unha actuación normal nun centro escolar tipo. Isto favorece a elección dos alumnos con máis elementos de xuício.

Outro aspecto positivo radica na propia motivación do profesorado participante na experiencia e no grado de satisfacción do mesmo. Todo o profesorado participante recoñeceu o positivo da experiencia neste senso. O Departamento de Orientación sinalaba ó respecto que esta estratexia supuxo unha facilitación das súas tarefas, tanto dende unha óptica de minimización do traballo, como dende a orixinalidade do plantexamento que conleva unha redución do rol do profesor.

b) Aspectos limitativos

Unha primeira aproximación ós límites da experiencia lévanos a constatar algunhas carencias estruturais básicas:

- Carencias de infraestructuras: neste centro, como na maioría das escolas, non existe espacio para realizar actividades que non sexan estrictamente lectivas. Así faise necesario habilitar zonas adicadas a outros fins (biblioteca, salón de actos...)
- Carencias de tempo: o horario escolar non contempla tempo adicado a este tipo de actividades co que se ven abocadas a ser realizadas de xeito extraescolar e contando coa voluntariedade dos participantes. O cambio que poida supoñer a LOGSE aínda está por avaliar.
- Carencia de dotación económica: elo implica que os gastos orixinados por esta experiencia (desplazamentos, material impreso...) tiveron que sacarse de partidas destinadas en principio a outras finalidades, toda vez que o presuposto do Departamento de Orientación é moi exíguo.

Outra limitación veu dada pola dificultade que supón para os alumnos este tipo de actividades, sobre todo pola falta de práctica en labores similares e pola limitación de idade (trátase dun centro de EXB) o que supón un handicap á hora de investigar datos.

Tamén cabería falar de limitacións impostas polos propios pais dos alumnos. A súa participación non sempre é cuantitativamente idónea e ademais, ás veces, inflúen cos seus prexuícios sobre o proceso e sobre os rapaces.

Na análise do profesorado tamén se observan certas limitacións: en primeiro lugar faise difícil implicar á totalidade dos profesores que traballan cos cursos que participan na experiencia. Cabería falar de "inercia", de "pasividade" ou de "prexuícios" dos profesores, en razón da idade ou da súa escasa reciclaxe. Mesmo algún titor desenténdese do que el consid "complicación" das súas funcións.

Unha das limitacións máis importantes radica no feito de que o acceso á información sempre é todo o doado que sería de desexar, máxime tendo en conta que se trata de rapaces escola e que moitas veces os conductos para chegar á información e mesmo a linguaxe en que se atopa tabulada, fanse excesivamente complexos. Incluso aquí se pode falar de certas "traxectivas administrativas á transmisión informativa.

As técnicas empregadas, por veces, dan unha visión deformada de certas realidades: a mesma mesa redonda sobre a peligrosidade de certos traballos induce ó alumno á crenza de que o accidente laboral é caseque inevitable; de igual xeito a información tradicional da administración sobre Formación Profesional inducirá á formación de imaxes sobre a mesma ben distante do funcionamento real.

Xa por último cabería indicar, dentro do apartado de limitacións, as impostas polas condicións intrínsecas de funcionamento do grupo de traballo. Así os rendementos obtidos diminúen por mor do desinterés de algúns dos componentes de cada grupo de traballo, sendo inevitable, coa conseguinte carga de traballo para outros componentes realmente interesados no tema.

c) Posibilidades de mellora da experiencia

As suxerencias para un maior rendimento de esta experiencia e de outras similares pasa en primeiro lugar, por unha dotación idónea de infraestructuras nos centros. Faise fundamental, de acordo coas previsións que fai a LOGSE ó respecto da orientación escolar, que os centros educativos sexan dotados de espacios axeitados para estas actividades (neste caso arquivo de documentación, lugares de consulta da mesma, centros de exposición audiovisual específicos e salón de actos adecuado). Ditos espazos son inexistentes na maior parte dos centros de ensino básico e presentan deficiencias serias.

De igual xeito é necesaria unha dotación económica específica si se pretende acadar a realización de actividades, desplazamentos e a distribución de material sexa financiada correctamente xa que os presupostos necesarios desbordan habitualmente as partidas destinadas ó Departamento de Orientación.

Outra condición de mellora da experiencia centraríase na necesidade de que estas actividades estivese integrada no curriculum escolar, dotada dun horario propio que permitira a súa realización en horas lectivas e non como simple actividade extraescolar. Se isto fose así a mecánica da actividade sería habitual para os alumnos e elo facilitaría moito o acceso ás fontes de información e o manexo da mesma e a análise profunda por parte dos propios rapaces.

Sería convinte tamén apoiar ós alumnos no dominio das técnicas de investigación dado a pouca idade dos mesmos, a carencia de recursos personais desenvolvidos e a endebleza das habilidades sociais, dificultando enormemente o acceso e a ordenación de información recabada. O rol do profesor tería que ser determinante e facilitador.

No que respecta ó profesorado faise evidente que unha implicación maior, que supere as fronteiras de Departamento de Orientación, e que faga partícipes á totalidade de mestres con funcións docentes no curso no que se realiza a experiencia, suporía un logro de rendementos moito máis altos na mesma. A este respecto cabe salientar que todo funcionaría mellor si na experiencia participara directamente a dirección do centro; a dinamización do proceso sería evidente.

En idéntico sentido que o párrafo anterior cabería suxerir, para unha optimización da experiencia, a solución de problemas que o profesorado se ve obrigado a asumir en relación co tema da responsabilidade civil. A situación actual leva a moitos docentes a renunciar a calquer tipo de actividade que non sexa estrictamente lectiva, o que implica a negativa a participar en actividades extraescolares ou en saídas do centro docente necesarias para o correcto funcionamento de experiencias como a aquí descrita (visitas a centros fabriles, centros de ensino etc...)

Xa por último cabe sinala-la necesidade de que a experiencia superase o ámbito do ensino básico para trasladarse a niveis superiores (ensino secundario), onde se presentan necesidades similares de información e elección de carácter profesional ou académico. Nestes eidos o desenrolo de actividades semellantes á descrita aquí, sería máis doado por mor da maior madurez dos alumnos e pola posesión dunhas habilidades sociais máis complexas.

BIBLIOGRAFIA:

- BORDAS, D. (1980):** *Elección de carrera y profesión*. Barcelona, Oikos-Tau.
- CASTAÑO, C. (1983):** *Psicología y orientación vocacional*. Madrid, Marova.
- I.N.E.M. (1979):** *Información Profesional*. Madrid.
- LAZARO, A. e ASENSI, J. (1987):** *Manual de orientación escolar y tutoría*. Madrid, Narcea.
- M. E. C. (1990):** *Ley Orgánica General del Sistema Educativo (LOGSE)*. Madrid.
- RODRIGUEZ, M^a L. (1983):** *Modelos de intervención en orientación educativa y vocacional*. Barcelona, P.P.U.
- TOLBERT, E. L. (1982):** *Técnicas de asesoramiento en orientación profesional*. Barcelona, Oikos-Tau.